

JUSTIGIA
PARA **GUAPINOL**

SINXELAMENTE JUAN. A MESMA PAUTA QUE CON BERTA
XIRA YASUNICEMOS O MUNDO. DA ECOTOPIA Á REALIDADE
DONA'M CINE CULMINA CON ÉXITO A SÚA VI EDICIÓN
A SANACIÓN COMO ESTRATEXIA PARA A ABORDAXE DA VIOLENCIA
NA VIDA DAS MULLERES

SUMARIO

3 Sinxelamente Juan.
A mesma pauta que con Berta

6 Xira Yasunicemos o mundo:
da ecotopía á realidade

10 Mujeres de Frente, Ecuador



13 Dona'm Cine culmina con éxito a súa VI Edición

15 A sanación como estratexia para a abordaxe
da violencia na vida das mulleres

18 O internacionalismo como eixe
dunha solidariedade Sur-Norte global



20 Exposición: Migración e desprazamento
das persoas por causas ambientais

23 Comentario encontro "Plantámonos"

*Así vai a vida, e así
toca escribir crónicas
de sangues que se
derraman por un amor
máis grande que salvarse
un mesmo*

*A sanación favorece
o fortalecemento
persoal, familiar
e comunitario,
dos liderados, das
organizacións das
mulleres ao facer
propostas máis sas e
asertivas, para a busca
da plenitude de vida*

*A través das accións
de formación,
debate, denuncia
e reivindicación
desenvolvidas,
logramos dende o
colectivo ampliar
e fortalecer o
movemento pola
Soberanía Alimentaria*

EDITA
Entrepobos · Asociación declarada
de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estévao

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
Entrepobos non se identifica
necesariamente coas opinións
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Juan López · Fundación San Alonso



**AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS
ASÓCIATE E COLABORA ACTIVAMENTE** Boletín de subscripción na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria
con **AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA**

Sinxelamente Juan



A mesma pauta que con Berta

Ismael Moreno Sj

A Juan asasinárono. O seu asasinato, milimetricamente planificado, ocorreu despois das oito da noite do día 14 de setembro de 2024 cando Juan saíra da ermida da súa colonia Fabio Ochoa, unha comunidade de poboadores que resultou dunha toma de terras a mediados da última década do século pasado, promovida por campesiños e poboadores sen ningunha parcela, todos eles animados pola fe e o seu vínculo coa Igrexa Católica.

A asinárono como o estoupido final dun prolongado proceso. Non foi un asasinato dunha vez. Cando ás oito da noite do 14 de setembro de 2024 o sicario apertou o gatillo para perforar o corpo de Juan, acabou de consumir un asasinato que se foi construíndo. A similitude con Berta é impresionante.

Primeiro, e por moito tempo, a xente de poder ignorou a Juan. Mesmo a súa baixa estatura e o seu porte indíxena era das persoas que, para o mundo co estereotipo da xente alta, branca, de pelo liso, pero non indio, con aspecto aca-

démico universitario, que é propia dunha sociedade racista como a hondureña, Juan pasaba desapercibido. Os medios de comunicación, a iso que chaman a matriz mediática, ignorárono. O seu asasinato espertou os ollos e oídos. Ata entón decatáronse non só que existía, senón que tiña un recoñecemento descomunal nas comunidades e na Igrexa de base, ata ser recoñecido como asistente de bispos, tanto así que na mensaxe do *Angelus* do domingo 22 de setembro, o Papa Francisco dedicoulle case un minuto. Para a sociedade definidora do racismo en Honduras, Juan naceu co seu as-



asinato. E, sobre todo, para os medios de alcance nacional. Con todo o que fixo Juan como unha formiga ou como unha araña tecedora de soños populares, ningún medio nacional o entrevistou polo poder que tiña.

Segundo, a palabra de Juan incomodou os poderes da zona do Aguán, particularmente do municipio de Tocoa, por iso buscaron neutralizalo; cóntanse por dúcias as veces que o quixeron cooptar, sobornar ou comprar. Dende ofrecemento de diñeiro ao por maior, ata pasar por negociacións turbias entre os políticos. Juan resultou ser incómodo aínda máis por non ter prezo, por ser insubornable.

Terceiro, como non puido quedar no anonimato e non o puideron neutralizar con subornos, estigmatizárono a máis non poder, acusárono ata de asasino, de ser responsable da inestabilidade na zona, de promover revoltas e actividades violentas. Juan o violento, así foi estigmatizado. Xusto a quen nunca se lle escoitou un insulto e, menos, se lle coñeceu unha arma. A estigmatización crea adxectivos, ambientes e xeraliza unha narrativa de maneira que xente que miraba pasar a Juan ou o vía nunha reunión, de inmediato pensaba que estaba planeando actos violentos.

Cuarto, Juan, ademais, foi criminalizado. Acusárono de pirómano, de ser membro de organizacións ilícitas ou terroristas e mesmo acusado de asasinato. Estivo encarcerado, debeu refuxiarse para escapar á orde de captura que se estendeu na súa contra, e polas ameazas de morte que constantemente recibiu ao longo alomenos dos últimos seis anos.

Quinto, e finalmente quitáronlle a vida, como culminación do proceso de aleivosía, premeditación e vantaxe. Matárono porque xa no o soportaban, querían quitalo do medio, xa non bastaba o cárcere, non bastaban as ameazas

nin as estigmatizacións. E premeditaron friamente o crime. Sabían que Juan podía faltar a calquera reunión ou cerimonia. Pero ao que non faltaría nunca era á celebración da Palabra de Deus da súa colonia Fabio Ochoa. Isto sabían de sobra. O lugar simbólico da non violencia, a ermida católica, foi elixido polos que planearon o crime para executalo, é dicir, o lugar non violento converteuse no símbolo da violencia, e os violentos asasinaron a Juan o non violento no lugar onde Juan predicaba a paz, a xustiza e a solidariedade.

TOCAR OS NERVIOS FUNDAMENTAIS DUN EMPORIO

Puido evitarse, quizais se retrasou, pero Juan e os seus tocaron nervios fundamentais dos investimentos e intereses dos auténticos propietarios da economía e das decisións fundamentais do país. No Parque Nacional Montaña Botaderos, Carlos Escaleras, área legalmente protexida, puxéronse en marcha co pleno aval e coludido co Estado os investimentos mineiros a través de *Inversiones Los Pinares*, pero á par, *Inversiones Ecotek* coa construción dunha peletaría para procesar o óxido de ferro extraído da mina xunto á instalación dunha poderosa planta termoeléctrica para cubrir as demandas enerxéticas tanto da explotación mineira como da peletaría. Todo isto en conexión coa industria aeroportuaria, primordialmente *Palmerola*, pero con incidencia nos outros aeroportos do país, unha planta de enerxía con sede en Planes, sempre no Aguán. A todo isto, súmase a poderosa industria de teitos e o relacionado con construcións baixo o nome de *Alutech*.

Un emporio montado e consolidado ao longo de apenas dúas décadas e dentro do cal, é segredo a voces, que meteu a man como socio Juan Orlando Hernández e varios do seu

círculo de confianza, e tamén os políticos e varios nomes prominentes das cúpulas políticas.

En apenas tres anos, a área núcleo do parque nacional Montaña Botaderos onde nacen os ríos Guapinol, San Pedro, Cuaca e Tocoa converteuse nunha zona desértica, sen árbores e deixando como consecuencia a practicamente sequidade das concas dos ríos.

A instalación da industria mineira trouxo violencia e desprazamentos, división severa entre os veciños, desprazamento de dúas de familias, encarceramento de membros do Comité Municipal e o asasinato de tres membros activos na defensa do ambiente.

Juan e a súa xente enfrontaron eses poderes.

“GUAPINOL, GUAPINOL, ESTAMOS CON VÓS”

O nome de Guapinol universalizouse. Antes de 2018, no exterior vostede falaba de Honduras, e os estranxeiros que loxaban ubicar no mapamundi o territorio, de inmediato pensaban nas ruínas de Copán ou en Roatán, ou quizais pensaban na capital co seu estraño nome de Tegucigalpa. Despois das mobilizacións nacionais e internacionais en demanda da liberación dos presos políticos, pensábase en Honduras e de inmediato se asociou a Guapinol, coa súa entusiasta consigna “Guapinol, Guapinol, estamos con vós”. Así llo escoitei berrar a Julita, a filla menor, cando Juan e os seus estaban encarcerados.

A presión nacional e internacional, máis a pericia do equipo de avogados, logrou liberar do cárcere a Juan López e os seus despois de ter pasado dúas semanas baixo prisión. Pero oito compañeiros máis desa mesma loita en defensa do río Guapinol e en plena oposición ás actividades extractivas da empresa Pinares, foron capturados. Privados de liberdade estiveron dende o 31 de agosto de 2019 ata o 24 de febreiro de 2022. E encarcerados terían seguido indefinidamente – posto que esa era a decisión dos propietarios da empresa Pinares e Ecotek, de onde xurdían as ordes a fiscais e xuíces da zona, ordes normalmente mediadas por “esa sensación de tenrura que produce o diñeiro”, que di o poeta *yoreño* Roberto Sosa–, se non fora pola presión liderada polo Comité Municipal en Defensa dos Bens Comúns e Públicos de Tocoa, a solidariedade nacional e a solidariedade internacional, xunto cun equipo de avogados solidarios con capacidades extraordinarias tanto no campo profesional como no seu compromiso ético e social.

O ESTADO COLUDIDO E EN PLENO CONTUBERNIO

O Estado sempre estivo presente no Aguán mentres perseguían e criminalizaban a Juan López e aos membros do Comité Municipal. Estivo activamente presente a favor da

empresa *Inversiones Los Pinares e Ecotek* e en contubernio directo co alcalde Adán Fúnez.

Na administración de Juan Orlando en pleno contubernio, coludido e como socio empresarial. Sempre estiveron os políticos e funcionarios de alto calibre presentes, como é o caso da Secretaría de gobernación a cal non moveu nin un dedo para proceder de oficio ante as denuncias do comportamento do alcalde de Tocoa. E estiveron dende sempre os militares. E, á vez, o Estado estivo activamente presente en contra de Juan López e os seus. Os defensores dos ríos Guapinol, San Pedro, Cuaca e Tocoa estiveron baixo ataque directo, perseguidos e criminalizados pola fiscalía e o poder xudicial. E durante a administración de LIBRE o Estado estivo activamente presente, pero tratando de estar solapado. O mesmo que no tempo de Juan Orlando Hernández, pero con aparente discreción, é dicir, hipocritamente.

JUAN, PARADIGMA DUN NOVO LIDERADO

Eu saín de Tocoa en xaneiro de 1997, e non me volví atopar con Juan senón ata comezos do século, cando xa era un pedagogo, vivía na colonia Fabio Ochoa, traballaba na pastoral da parroquia San Isidro Labrador de Tocoa e tivo todos os anos do presente século para despuntar ata converterse en modelo dun novo liderado que soubo unir exemplarmente a fe coa xustiza, a loita social coa loita política, a defensa dos dereitos humanos coa loita por coidar os dereitos da casa común. E fixoo coa súa vida, o seu traballo cotián, a súa proximidade coa súa esposa e as súas dúas fillas, co seu tes-

Así vai a vida, e así toca escribir crónicas de sangues que se derraman por un amor máis grande que salvarse un mesmo

temuño de vida como laico comprometido, coa súa palabra dita con sinxeleza e claridade, coa súa palabra escrita, dende o camiñar dende abaixo, como un auténtico intelectual que nunca se separou da súa orixe.

Así vai a vida, e así toca escribir crónicas de sangues que se derraman por un amor máis grande que salvarse un mesmo. Ese amor polo que asasinaron a Juan López. Ese amor polo que quixo dar a súa vida para que nós vivamos seguindo as súas xenerosas pegadas tinguidas de sangue inocente. 📢

Artigo completo na páxina web de Radio Progreso:






Il Xira Yasunicemos o Mundo

da ecotopía á realidade



Olga Abad · *Entrepueblos Madrid*

“Yasunicemos o Mundo” son as tres palabras que resoaron durante os 10 días en que Ene, Dayuma e Mencay, líderes da nacionalidade waorani de Ecuador e Manai, activista ecuatoriana polo Yasuní; visitaron varias cidades de Europa levantando a súa voz pola defensa do seu territorio, pola defensa da vida, porque “sen territorio non hai vida”.



Yasunicemos o mundo” evoca unha chamada global para adoptar medidas de protección de áreas fráxiles en todo o planeta, para promover un modelo que priorice a biodiversidade, a natureza, a vida e o respecto aos pobos indíxenas que a habitan e a protexen, para crear un movemento de activación social internacional para a defensa de áreas naturais, dos dereitos da natureza, reducindo a dependencia dos combustibles fósiles. Tal e como di Manai, *“logramos parar unha actividade petroleira activa no Parque Yasuní, pero como se pode aplicar noutros territorios?, porque necesitamos xa facer algo no mundo para frear as consecuencias do cambio climático”*.

A xira **“Yasunicemos o Mundo: Da ecotopía á realidade”** levouse a cabo pasado un ano da histórica victoria do “Si” na Consulta Nacional sobre o Yasuní en Ecuador. O resultado desta consulta, realizada o 20 de agosto de 2023, representou un importante logro para a democracia e a vontade popular, que se impuxo fronte aos intereses da poderosa industria petroleira, priorizando a defensa dos dereitos humanos e a protección do medio ambiente.

O prazo de implementación do resultado de dito referéndum era de un ano, e ao cumprirse este periodo, dende a Asociación Entrepobos quixemos que as voces **de 4 activistas ecuatorianas implicadas no proceso do Yasuní** sexan escoitadas no Estado Español e en Europa. A súa maior reivindicación é que se efectúe o mandato popular e se dismantelen as infraestruturas petroleiras, en tempo e forma adecuadas e co protagonismo do pobo waorani, das organizacións sociais que loitaron por máis de 11 anos, e que polo de agora quedaron fóra do Comité de Execución da Vontade Popular – CEVP Yasuní ITT (creado polo goberno e só formado por ministros e Petroecuador). *“O noso territorio non é territorio de conquista, pero tampouco de explotación”*.

Durante a xira polo Estado Español e Europa (Xinebra, A Coruña, Madrid, Barcelona, Valencia, Berlín), as catro activistas directamente implicadas no proceso do Yasuní mantiveron reunións e espazos de colaboración con entidades sociais e organizacións europeas, institucións e representantes políticos para deseñar un escenario post-extractivista, tanto a nivel social como económico, que permita avanzar cara a un mundo sen combustibles fósiles.

Ene Nenquimo, líder indíxena da comunidade waorani de Gomataon, defensora do territorio ancestral, Vicepresidenta da Nacionalidade Waorani de Ecuador– NAWE, pertencente á CONFENIAE e CONAIE, ao longo deste percorrido lanzou unha chamada contundente dende o Territorio Ancestral Wao, situado no que hoxe se coñece como o Parque Nacional Yasuní. *“Para os wao, as fronteiras que dividen Pastaza, Napo e Orellana son liñas alleas que impuxo Occidente, fragmentando un só territorio, unha soa cultura, un só idioma. Nós alzamos a voz polos 4000 waos”*. Ene afirma que, ao reducir esta terra á categoría de parque na-

cional, o Estado ignora a historia e espiritualidade dos wao, que ven na unidade e a harmonía a clave da súa resistencia. Os wao, explica, non contan con avogados propios, pero si con mulleres mediadoras de paz, líderes nas mobilizacións que defenden o seu territorio, e loitan contra os intereses económicos que priorizan a explotación de recursos sobre a vida mesma.

A declaración de emerxencia en territorio wao resoa como un berro urxente, unha advertencia ante o impacto devastador da extracción petroleira no seu medio ambiente e cultura. *“Mataron a nai xaguar e o pai xaguar”*, denuncia Nenquimo, e iso é un paso máis na destrución da súa “biblioteca”, da súa memoria, da súa selva, que alberga coñecementos transmitidos de xeración en xeración e xeitos de vida únicos. Alí tamén habitan os Pobos Indíxenas en Illamento Voluntario. Mesmo así, Ene pon a énfase na capacidade de resistir do seu pobo, que gran a gran, comparte o que queda do seu xantar, da súa terra e cultura. Fronte a esta complexa situación, Ene insta a que o mundo recoñeza a importancia do Yasuní non só como un parque nacional, senón como un espazo de resistencia ancestral e de defensa do equilibrio natural.

Dayuma Nango, líder indíxena da comunidade waorani de Toñampade, defensora dos dereitos das mulleres e a preservación da cultura waorani, Vicepresidenta da Asociación de Mulleres Waorani de Ecuador– AMWAE, e **Mencay Cai-ga**, líder indíxena da comunidade waorani de Wii, defensora e gardiá do territorio, pertence á Organización Waorani de Pastaza– OWAP (xuventude), denunciaron as condicións de vida alarmantes que enfrenta o seu pobo, especialmente as mulleres e a xuventude, no Territorio Ancestral Wao, unha das rexións máis empobrecidas de Ecuador. As mulleres wao, explica, atoparon na elaboración de artesanías un xeito de subsistencia, no medio dun contexto marcado por graves problemas de saúde, como o cancro uterino, enfermidades da pel, desnutrición infantil, e altos índices de suicidio e alcoholismo, sobretudo na xuventude. A presenza de empresas petroleiras agravou a situación, pois só ofrecen emprego aos que apoian a explotación e xeraron un ambiente de ameazas e violencia, con líderes da Nacionalidade Waorani de Ecuador (NAWE) sendo intimidados e ata ameazados de morte. Para Dayuma, o territorio wao non debe verse como un espazo de conquista ou explotación, senón como un fogar sagrado que o Estado e petroleiras devastaron durante máis





de 60 anos, contaminando ríos, solos e aire, e deixando secuelas profundas na saúde e o benestar do seu pobo.

Pola súa parte **Manai Prado**, historiadora e activista dende os 16 anos, que formou parte do grupo fundador do colectivo YASunidos en defensa de territorios en contra do extractivismo e que actualmente pertence á organización Acción Ecolóxica, falounos da situación actual de cumprimento da consulta, de como vai o peche dos pozos e o seu desmantelamento. Aínda que ela non é técnica, senón historiadora, tocoulle aprender.

Manai explica que son 260 pozos os que hai que pechar e que en outubro de 2024 só se pecharon 11. O proceso técnico de peche e desmantelamento conleva tres fases:

1. Peche ou apagado de pozos
2. Taponar: Inxectar cemento para que non flúa o petróleo
3. Abandono de pozos. Proceso de reparación e restauración.

Á pregunta de como ve o futuro da loita e do acadado hai un ano e se cre que o goberno vai cumprir coa vontade popular, responde de xeito contundente: *“O goberno non pode incumplir os resultados do referéndum, mesmo se podería pedir a destitución do presidente si fora así. A pelexa agora é: en que tempo o fai?, como o fai?. O tempo é moi importante xa que Petroecuador pediu unha moratoria á Corte Constitucional e quere retrasar 5 anos o peche e taponar e 7 anos máis no abandono e restauración. Un total de 12 longos e innecesarios anos, xa que se podería facer en moito menos tempo se se puxeran os medios. Outro gran reto é que a maneira en como se faga ten que ser participativa, contando dende o minuto 1 coas comunidades indíxenas e organizacións sociais e cos mellores estándares técnicos e de calidade, para non provocar máis dano no territorio do que xa se provocou ata o momento.*

FITOS E COMPROMISOS MÁIS RELEVANTES DA XIRA

A primeira visita da xira tivo lugar en Xinebra, onde destacou a súa participación na **Asemblea dos Pobos para Desmantelar o Poder Corporativo**, xunto con outros movementos sociais, sindicatos e organizacións da sociedade civil. Alí reuníronse coas oficinas do Alto Comisionado de NNUU para os DDHH e coa do Relator Especial da ONU sobre os dereitos dos Pobos Indíxenas. Nestas xuntanzas falouse do comunicado realizado dende Nacións Unidas en Xinebra, *“Ecuador debe respectar a vontade do pobo e deter as actividades petrolíferas no Parque Yasuní: Expertos independentes”*, do

que as propias compañeiras wao non tiñan constancia, pondo de manifesto máis unha vez a falta de participación real do pobo waorani neste proceso.

De Xinebra viaxaron ata A Coruña en Galiza, onde tiveron un encontro con diversos colectivos no espazo comunitario A Revolteira e realizaron unha visita sobre o terreo en A Ulloa onde coñeceron de primeira man e compartiron con campesiñas e campesiños da loita local polo territorio contra o proxecto de celulosa de ALTRI.

O seu percorrido seguiu por Madrid, onde destacou un encontro na Complutense no que varios grupos de investigación de diferentes universidades amosaron o seu compromiso para apoiar a reivindicación de que sexan os mesmos pobos waos os encargados da restauración e rexeneración do territorio, xa que iso suporía unha fonte de traballo para as comunidades, ademais dunha exemplar forma de reparación histórica. Tamén hai que reseñar a súa visita ao Congreso dos Diputados e a empatía de Enrique Santiago, Diputado por Córdoba e portavoz de Sumar nas Comisións de Xustiza e Interior, que quedou emprazado para dar seguimento á restauración dos pasivos ambientais xerados por Repsol nun dos bloques de explotación petroléira no Yasuní.

Na Oficina de DDHH do Ministerio de Asuntos Exteriores puideron expresar as ameazas constantes que sofren as defensoras de dereitos humanos e ambientais no territorio do Yasuní, especialmente do impacto en activistas con fillos pequenos, como era o caso das propias Dayuma ou Ene. E tamén a sistemática vulneración dos dereitos dos Pobos Indíxenas en Illamento Voluntario por parte do Estado.

Seguiu Barcelona, co intercambio con colectivos sociais e coa comunidade migrante no espazo periurbano de Can Masdeu, e Valencia, co encontro de intercambio de saberes co movemento de solidariedade, educación, medios de comunicación e movementos sociais en defensa do territorio valenciano en *La Repartidora*. Alí tocoulles vivir as chuvias e inundacións sen precedentes que tiveron lugar a consecuencia da DANA, o que reforzou máis aínda a necesidade de xuntar loitas e resistencias para unha transición eco-social xusta. O periplo finalizou en Berlín, cunha actividade moi concurrida na sede da Fundación Rosa Luxemburgo.

Un dos obxectivos e retos que nos deixan, e que asumimos, é estar pendentes, esixir ao goberno ecuatoriano que o proceso de reparación e restauración do bloque 43, que debe quedar liberado da explotación petroléira, se faga utilizando os mellores estándares nacionais e internacionais e nun tempo razoable (non os 12 anos que propón a petroléira).

Ademais temos que avanzar cara a creación dunha rede europea de solidariedade co Yasuní que vele a xeito de veduría cidadá internacional polo desmantelamento efectivo ambientalmente e xusto socialmente das infraestruturas petroléiras. 🌱

Un ano despois da vitoria do “Si ao Yasuní”

Pasou máis de un ano dende a histórica vitoria do “Si ao Yasuní” en Ecuador, no que un 60% da poboación ecuatoriana decidiu deixar o cru no subsolo. Hai un ano escribiamos como, ao día seguinte, a indiferenza dos días previos a esta consulta, invisible para a maioría, acabou convertendo en titulares como “decisión histórica”, “precedente mundial no debate climático”, etc. Todo iso nun país no medio dun contexto de profunda crise institucional e social, así como cun ascenso da violencia ligada aos cárteles do narcotráfico e as súas conexións con sectores do poder que, como ocorre noutros países da rexión, inducen a focalizar o debate político nos temas de seguridade.

Pero, que pasou neste ano?

A pesar do mandato cidadán do pobo de Ecuador de deixar o petróleo do bloque 43 baixo terra, adoptado na consulta popular do 20 de agosto de 2023, non se levou a cabo o peche inmediato e progresivo nos términos ordenados polo dictame da Corte Constitucional de Ecuador. No devandito dictame estableceuse o “*retiro progresivo e ordenado de toda actividade relacionada coa extracción de petróleo nun término non maior a un ano dende a notificación dos resultados oficiais. Adicionalmente, o Estado non poderá exercer accións tendentes a iniciar novas relacións contractuais para continuar coa explotación do bloque 43*”. A Corte Constitucional sinalou ademais que “...o tempo de non máis de un ano” refírese á suspensión da explotación de petróleo do bloque 43, no que a meta sexa a suspensión total. Así como tamén o inicio da “*reparación da natureza, a protección do territorio de pobos indíxenas...*”.

O cumprimento da vontade popular expresada no plebiscito foi tamén asumido e ratificado pola Nacionalidade Waorani-NAWE na súa asemblea representativa o 26 de xaneiro do presente ano, na que a dita nacionalidade declarou en Estado de Emerxencia todo o seu territorio. Isto ocorre 50 anos despois do inicio da explotación petrolífera na Amazonía ecuatoriana, un período no que os niveis de risco, tanto de orixe natural como os provocados polo cambio climático e outras causas antrópicas relacionadas con actividades económicas extractivas, non se teñen reducido, senón que ademais aumentaron significativamente, aumentando a vulnerabilidade das comunidades indíxenas en practicamente todos os ámbitos.

De acordo co censo nacional de 2022, a Amazonía é a segunda rexión con maior prevalencia de desnutrición crónica (19,6%), a primeira en desnutrición global (6,9%) e aguda (1,6%). A Amazonía ten ademais os peores indicadores de pobreza: pobreza extrema por ingresos é de 38,5%, a pobreza multidimensional chega ao 75,6% e a pobreza por necesidades básicas insatisfeitas é de 59,8%. A actividade petrolífera, lonxe de mellorar a calidade de vida das nacionalidades e pobos amazónicos, foi a causa para provocar o seu empobrecemento, vulnerabilidade e risco. Isto é particularmente grave para a Nacionalidade Waorani e os pobos que habitan no Yasuní.

O peche do bloque 43 ten profundos retos socioeconómicos, non só polos indicadores de pobreza, senón pola dependencia e perda de autonomía que provocaron as actividades petrolíferas e o abandono do estado por décadas, en boa parte dos pobos da zona coa industria petrolífera. O peche do bloque 43 ten tamén grandes retos ambientais e coa Natureza, pois trátase de restaurar as áreas intervidas nun territorio indíxena que debería ter o réxime máis alto de coidado, conservación e reparación; pois é a zona máis biodiversa do planeta e de especial relevancia global para enfrontar o actual contexto de crise climática.

É por iso que a postergación ou retraso na implementación do peche pode levar a unha situación que aumente a vulnerabilidade, o risco e a conflitividade social e mesmo incrementa os custos das accións de reparación.

Porén, a proposta do goberno ecuatoriano consiste en iniciar un peche progresivo que duraría 5 anos e medio, mentres se mantén a produción petrolífera, o que contradí o mandato constitucional.

A NAWE celebrou os pasados 28 e 29 de agosto o Cume Internacional polo Yasuní en Puyo (Ecuador) <https://cumbreyasuni.nawe.org.ec/>. Durante estes dous días de intensa colaboración, o pobo Waorani, xunto con aliados da academia, organizacións non gubernamentais e activistas, elaborou un plan de acción post-extractivista para asegurar unha vida digna e sostible no seu territorio. Este esforzo busca non só protexer a biodiversidade do Yasuní, senón tamén afirmar o dereito das comunidades a decidir sobre o seu futuro.

A presenza de máis de 300 persoas de diversas organizacións e a entrada de delegados internacionais á zona evidenciaron a devastación causada por máis de 50 anos de explotación petrolífera. Ante esta realidade, o pobo Waorani esixe ao Estado ecuatoriano o respecto aos dereitos indíxenas e o cumprimento da vontade popular: Si ao Yasuní, si á vida!

O documento resultado do cume “MANDATO WAORANI PARA O PECHER, DESMANTELAMENTO, RESTAURACIÓN ECOLÓXICA E REPARACIÓN SOCIAL NO YASUNÍ”, foi entregado por unha delegación do pobo Waorani na Corte Constitucional este 30 de agosto de 2024.

Consulta o documento completo:



Entrevista

Mujeres de Frente

Ecuador



Gara Pulido Tacoronte · *Entrepobles Alacant*

No marco dunha xira internacional de **Mujeres de Frente** (Ecuador) polo Estado Español con outras organizacións como **La Laboratorio**, tivemos a sorte dende Entrepobos de poder compartir 2 días para seguir estreitando vínculos e liñas de acción comúns coas compañeiras Marianita Collaguazo (líder e educadora popular, parte da Asemblea de xestión e coordinadora dos emprendementos produtivos) e Heidy Mieles (integrante da organización, onde participa na Asemblea de xestión, e como coordinadora de procesos de educación popular, co-investigación, economía popular feminista e acción cooperativa e política).

As compañeiras estiveron o 22 de outubro no Centro de Formación de Persoas Adultas *La Atalaya* dentro do Centro Penitenciario de Villena (Alicante), como parte dunha colaboración con este centro educativo, co que Entrepobles Alacant está empezando a facer vínculos no noso traballo de educación. Alí desenvolveron un taller coas mulleres do Centro Penitenciario, facendo paralelismos coa situación dos cárceres en Ecuador, onde *Mujeres de Frente*

leva traballando moitos anos coas mulleres presas. Ao día seguinte foron a Tarragona, onde participaron nunha charla-colquio no local da USTEC, para falar do traballo que realiza a súa organización e da situación das mulleres en Ecuador con moi boa acollida. E, por último, estiveron en Vilafranca para unha entrevista coa Radio do Penedès.

En Alicante puidemos ter con elas unha longa conversación da que extraemos o que segue:

Gara: Como xurdiu a entidade e como foron eses primeiros momentos e tomas de contacto nos cárceres e coas mulleres presas?

Marianita: Eu vinculeime dende o 2014, pero a entidade existe dende que se fundou en 2004, no cárcere de Linca. Hai fundadoras que son presas, outras que, como Andrea, son académicas. Dende entón trabállase nos cárceres. Cando eu me unín non tiñamos unha sede. Tiñamos unha casaña en San Marco ou xuntabámonos en cafés. Ata que conseguimos a casaña que chamamos *catapulta*, arrendada con cuartos, unha cociña, xa comezamos a cociñar para os nenos, alí si había fillos de mulleres presas... Pero tamén se vinculou xente colaboradora coma min, que son vendedora ambulante. Chamábase aos nenos para que comeran e ás nais. Nesa casa *catapulta* varias voluntarias daban clases, e nais que eran analfabetas aprenderon a ler... todo iso se traballaba na casa *catapulta*.

Gara: Son máis de 80 persoas na organización, entendo que xestionar todo iso foi difícil...

Heydi: Si e, de feito, comezamos a medrar aí porque eramos arredor dunhas 20 e moitos nenos. Antes da pandemia o centro da organización era xusto o coidado das nenas e nenos, o espazo de *wawas* era onde pensabamos o noso facer político, militante e máis ben as nais como que acompañaban, ben eu non son nai de ningún, pero comecei a ser acompañante oficial dos nenos. Hoxe en día despois da pandemia considerámonos unha rede de acompañamento e iso implica que cada persoa na organización está acompañada por outra. Sesenta estamos fóra no sentido de que non estamos presas e que conformamos esta rede de coidado e acompañamento. E as outras compañeiras son colaboradoras, pero non están integradas na rede.

Gara: Como se xeran e xurden os procesos de compartir saberes a nivel interno con mulleres presas e non presas, e como se xeran sinerxias con outros colectivos cos que participan?

Heydi: Nós sempre viñemos da liña da educación popular proposta sobre todo por Paulo Freire, que consiste en que non hai xente que ten todo o coñecemento e os demais son xente que hai que encher de coñecemento, senón que a educación e o coñecemento se producen no intercambio, o que Paulo Freire chama a *re-admiración* da realidade.

Durante os 20 anos levamos ese proceso como intercalado nos procesos de investigación e de comprensión do mundo, xustamente porque a fundación da organización foi así, nesa conversación moi profunda entre o facer e o pensar, e chegamos a conclusións que viñan desa conversación profunda. A partir da pandemia, vimos a necesidade de volver pensar colectivamente, porque todo o que se nos dicía na televisión, non cadraba nas nosas vidas... Entón aí, creamos a primeira escola de formación en promoción da saúde comunitaria, para comprender que era o COVID e ter alternativas comunitarias para sosternos neste proceso.



Nesa primeira escola de saúde comunitaria decatámonos de que había moito que falar, porque a enfermidade sacábanos unha morea máis de temas. Entón comezamos a falar e de aí comezouse a formar a escola de formación política como hoxe a coñecemos e que xa leva 5 anos. Dese proceso foise creando toda unha metodoloxía que ten como dous sentidos: primeiro a formación de organización, temos unha chea de coñecementos de formas, de estratexias para consolidar organizacións, non levamos a información, é algo que se xera a partir da vivencia dos talleres; e a segunda é crear obxectos para a *re-admiración* desa realidade. Entón, o que nós propoñemos é construír e facilitar o diálogo para que logo cada realidade poida construír a súa propia versión do que estamos vendo. Así é como comencamos a facilitación do coñecemento colectivo, neste exercicio entre o facer e o pensar, levarnos á conciencia, pero tamén ao sentimento, porque moito pasa polo noso corpo: a violencia... É como un recordatorio que está inscrito na nosa pel, por iso temos eses dous momentos, o de sentir e o de facer conciencia do que estamos facendo.

Gara: É dicir, que os procesos de compartir saberes chegan a través da escola de formación política e feminista.

Heydi: Si, así, con esta proposta, é como chegamos a outras organizacións. Nós dende moito antes temos moi boas relacións con todos os movementos sociais aliados, como as compañeiras ecoloxistas, o movemento indíxena, as traballadoras... Agora o que nós facemos é xustamente levar a escola de formación política, que ademais está liderada por mulleres dos sectores populares. Moitas compañeiras



teñen moita sabedoría que nunca foi posta en valor como: o coidado da natureza, a agricultura, o comercio...

Marianita: Pero tamén é o sostemento que temos cara as mulleres, porque nós somos un colectivo asembleario no que todo proxecto para poder soste con bolsas ás nosas compañeiras, sempre pasa pola mesa de asemblea de xestión. Esta asemblea de xestión busca como facer proxectos..., tratamos de seguir tecendo a cada paso con outros colectivos. Son moitos os colectivos aos que logramos unirnos así. E tamén nos axuda cos emprendementos que temos: catering e talleres. Ademais do espazo de *wawas* que coidamos entre compañeiras, con eses emprendementos tratamos de saír adiante e tratar de saír ás rúas. Por exemplo, eu xa saín da rúa hai tempo, antes vivía perseguida pola policía.

Gara: Cales son os seguintes pasos que vos formulades como organización e que podemos aportar dende acá?

Heydi: Cara a onde imos? ben, queremos... queremos moitas cousas (risas)... Realmente o ano que vén non sabemos como nos vén. Témoslle medo, porque vemos o avance da dereita en Ecuador, en Latinoamérica e no mundo, entón queremos en primeiro lugar seguir sostendo a organización no seu máis esencial lugar como o coidado, a retribución da vida, os afectos...

Por outro lado, esperamos consolidar este proceso do que falamos como investigadoras e facilitadoras populares, como unha alternativa real de vida, como compañeiras que queiran adicarse á investigación e á facilitación de talleres, á construción académica de procesos, que o poidan facer nas mellores condicións posibles, porque xa temos algunhas experiencias que nos foron ben, pero queremos consolidalo.

Tamén queremos lograr entrar nun proceso de diálogo pola vida da xente que sofre a guerra social intensamente, queremos ter discusións profundas en torno ao cárcere con movementos sociais, para obter unha resposta dende o colectivo, dende a resistencia, decatarnos de que é a nosa xente a que está no cárcere matando e morrendo, decatarnos de

que lle debemos un dó ao Ecuador que está sufrindo moito. Ademais, gustaríanos conseguir un *carro* colectivo, necesitamos un transporte, falar da vivenda, da educación, da xuventude,... Porque moito donarco estado implica a captación de mozos cada vez antes.

Tamén moitas compañeiras empezan a envellecer, queremos falar de como envellecer ben... Como descansar, como ter lugares de paz, como gozar a militancia e que non todo sexa reaccionar ao ataque da dereita e de todo, senón tamén o goce de estar organizadas, de estar xuntas... Iso creo que é esencial para o ano que vén.

Marianita: Eu creo que, dende acá, unha cousa importante, non sei se se é pedir moito, que nos axudaran a difundir a nivel internacional o que está a suceder no noso pequeno país, porque en realidade si que estamos ben golpeadas, non só no cárcere, senón fóra tamén, cada vez máis nos barrios marxinais. Que nos axuden a difundir todo isto e que se escoite.

Heydi: E a facilitación de espazos que poidan ampliar o diálogo, porque o que nós vemos non só pasa en Ecuador, é como unha receita de América Latina... Os incendios están en toda a Amazonía, os grupos do narcotráfico vanse movendo, non facerlle o xogo ao discurso racista nin antiinmigración, que moi facilmente exacerbaban o discurso de odio e creo que iso é súper importante, paralos dende calquera lugar do mundo e abrir o diálogo. España para os latinos, e en concreto para os ecuatorianos, é unha terra moi hostil e a veces sinto como que a mirada que nos recibe non é a máis amorosa, máis ben o discurso de toda a vida de que "veñen quitarnos o traballo"... Non lles quitamos o traballo, mal pagan os traballos de coidados e demais,... Romper con eses discursos de odio... Creo que van vir ondas migratorias a Europa, porque agora EE. UU. está recibindo a migración ecuatoriana e latina, pero creo que esa vía vaise pechar cada vez máis. Entón, se se poden acondicionar lugares de acoillida, canles de diálogo, formas de conversación, cortar eses discursos de odio e xerar abrigo. 🧡

○ Festival Internacional de Curtametraxes Feministas



DONA'M CINE

culmina con éxito a súa VI Edición

Comisión Organizadora do Festival DONA'M CINE



Con máis de 600 curtametraxes presentadas ao longo de catorce anos, o **Festival DONAMCINE** tense convertido nunha plataforma clave para visibilizar as xenealoxías feministas no ámbito cinematográfico. Nesta **VI edición (2024-2025)**, o festival continúa ofrecendo unha ventá de visión crítica e diversa, poñendo en valor o traballo colectivo de mulleres activistas e defensoras de dereitos humanos, dos corpos e dos territorios.

DONAMCINE reafirma así o seu compromiso cos feminismos diversos en todo o mundo a través da ollada cinematográfica, e faino en formato en liña, accesible a través da súa plataforma web donamcine.org. Esta fórmula virtual facilita o acceso e amplía as posibilidades de difusión de historias e miradas feministas a unha audiencia global, axudando a compartir mensaxes de denuncia, resistencia e transformación eco-social cunha forza que trascende fronteiras e limitacións xeográficas.

DONAMCINE ofrece olladas críticas e inclusivas que visibilizan a diversidade de experiencias e loitas das mulleres en todo o mundo, destacando o valor das voces, resistencias e perspectivas feministas en defensa da xustiza global, os dereitos humanos e a paz. Este festival consolidouse como un espazo de encontro e construción colectiva, onde se promove a creatividade audiovisual feminista como ferramenta de transformación social e se denuncia a criminalización crecente que sofren as defensoras de dereitos humanos e ambientais.

DONAMCINE é, pois, un espazo que desafia o cisheteropatriarcado e celebra a diversidade, defendendo o corpo

como primeiro territorio de soberanía, reivindicando os dereitos sexuais e reprodutivos, as subxectividade disidentes e as manifestacións antirracistas. Asemade, promoven as construcións comunitarias, as solidariedades colectivas e as redes feministas de apoio mutuo, onde se pon de manifesto o coidado das persoas e do planeta, a eco-dependencia e a interdependencia como valores fundamentais.

DONAMCINE impulsa a creatividade audiovisual, pero tamén reforza o compromiso coas defensoras dos dereitos das mulleres, os dereitos ambientais e a protección dos bens comúns dende a colectividade.

A continuación, as obras galardoadas nesta VI edición de **DONAMCINE**, unha mostra da forza do festival como espazo de denuncia e compromiso social. Os premios deste ano celebran tanto o talento cinematográfico como o compromiso coa xustiza social, a resistencia e o feminismo. Coa diversidade das obras premiadas, o festival reafirmase como un espazo de activismo cultural que dá visibilidade a narrativas a cotío ignoradas e promove unha conciencia colectiva cara a un mundo máis xusto. **Dende Entrepobos, enviamos as nosas felicitacións a todas as premiadas.**

PALMARÉS DONA'M CINE 2024



Esta curtametraxe documental recibiu o premio do xurado pola súa temática orixinal e o seu excelente uso dos recursos narrativos e visuais. *Mothertruckers* ofrece unha ollada fascinante sobre as mulleres nun sector laboral altamente masculinizado, desafiando estereotipos e abrindo un espazo de reflexión sobre as desigualdades de xénero.




Esta curtametraxe poética explora a memoria e a resistencia, tecendo unha narrativa coidada e emotiva que apela á denuncia e á xustiza histórica. *Camino de regreso* destaca pola súa capacidade de transmitir a necesidade de honrar o pasado e as loitas que nos definen.



Galardoado co premio Berta Cáceres, este documental rende homenaxe a Lolita Chávez, defensora dos dereitos da comunidade Kiché e do territorio fronte ao extractivismo. Cunha sensibilidade excepcional, as directoras de *De dónde tanta rebeldía* achégannos á loita das defensoras de dereitos humanos, lembrando que a loita de Berta Cáceres perdura, multiplicándose na forza e resistencia das comunidades.



Este documental comunitario destacou polo seu impacto na visibilización das redes de apoio mutuo entre mulleres e identidades disidentes. *Red Pueblo Alberdi* amosa como os barrios resisten diante das estruturas patriarcais, propondo espazos de transformación para desafiar as normas establecidas.



En só catro minutos, *Amigas* explora temas antirracistas cunha simplicidade que non impide un gran impacto social. Esta curtametraxe, valorada polo seu carácter feminista e sensibilizador, promove discusións esenciais sobre diversidade e igualdade.



A curtametraxe máis votada polo público nesta edición foi *Criptografías emocionales*, un proxecto que cativou a audiencia coa súa sensibilidade e calidade. Cun total de 6.289 votos e máis de 1.000 comentarios, a curta deixou unha importante pegada entre as espectadoras.



Esta ópera prima recibiu unha mención especial do xurado pola súa aguda exploración da disidencia sexual, o retorno ao campo e o eco-feminismo. A través da historia dun grupo de mulleres comprometidas co territorio e os animais, a directora de *Camino Royo, un mapa de ida y vuelta* destaca a importancia de reivindicar o mundo rural dende unha óptica feminista.



Dolors recibiu unha mención especial por parte de Entrepobles, recoñecendo a súa ollada por visibilizar a historia de mulleres. Este documental valorouse pola súa capacidade de crear un espazo de reflexión e memoria.

A sanación como estrategia para abordar la **violencia en la vida de las mujeres**



Kaqla, significa arco da vella no idioma Maya Q'eqchi', constituíuse no ano 1996, no contexto da sinatura dos acordos de paz, despois de 36 anos de conflito armado interno. A motivación do seu xurdimento foi afrontar conxuntamente como mulleres maias, o racismo e a discriminación que se vive por ser mulleres e por ser indíxenas. Desta maneira, a súa misión enfócase "na xeración de accións para o benestar e a vida plena e sen violencia de mulleres maias e os seus pobos", principalmente dende a metodoloxía "Rub 'eyal Q 'ak'aslemal, camiños para a plenitude de vida das mulleres maias e os seus pobos", construída e validada a partir da propia vivencia, dende o enfoque da cosmovisión maia contextualizada. En Guatemala, Kaqla posicionouse como un referente no traballo de *sanación* de traumas e tramas na vida das mulleres, como estratexia política fundamental, co valor agregado de propoñer unha abordaxe terapéutica dende o enfoque específico como mulleres indíxenas, con elementos da cultura e cosmovisión Maia, cuxas formulacións e propostas foron validadas pola propia experiencia colectiva das integrantes da organización, doutras mulleres, organizacións e comunidades.


Parte da misión que se propón Kaqla é a xeración de metodoloxías para a abordaxe e mitigación das violencias e opresións, a partir da sistematización de procesos específicos para este fin e/ou da recopilación de información dos distintos procesos que se facilitan e acompañan como organización.

É así como unha das metodoloxías xeradas no marco do apoio de Entrepobos, é a "Metodoloxía para a abordaxe da violencia coa nenez e a xuventude", que se ten como base

A partir da experiencia de 28 anos de vida organizativa, Kaqla formula que a *sanación*, ademais da individual, debe ser colectiva

para o traballo que se desenvolve coa nenez /adolescencia institucionalizada, así como cos sus pais/nais e cuidadores/coidadoras, para aportar algunhas e maiores posibilidades de cambios positivos para a súa vida ao saír das institucións, e que a atención que lles proporcionen nestes lugares contribúa a que asuman o liderado sobre a súa vida, como corresponde.

Esta metodoloxía axuda a comprender como todos os seres humanos teñen posibilidades de xerar re-accións violentas e/ou recibir tamén estas re-accións violentas de maneira inconsciente, como parte da súa natureza biolóxica, da súa historia e sistema familiar ou o ambiente/contexto no que se atopa inmersa; pero o máis importante é comprender



que polo mesmo é sumamente fundamental e estratéxica a *sanación* para previlas e mitígalas.

Para Kaqla, a *sanación* implica atopar, limpar e cicatrizar a ferida inicial ou de orixe que xeran estas re-accións.

A partir da experiencia de 28 anos de vida organizativa, e de unha das investigacións "Tramas e trascendencias, reconstruíndo as historias coas nosas avoas e nais", Kaqla formula que a *sanación*, ademais da individual, "debe ser colectiva", porque os traumas son persoais pero tamén son colectivos, históricos e transxeracionais, aos que Kaqla denomina tramas; estas déronse fundamentalmente nos pobos e sectores da poboación que viviron en opresión, como é o caso das mulleres e pobos indíxenas, entre outros.

Na investigación xa mencionada, realizada con tres xeracións de mulleres maias de Guatemala, Kaqla observou, por exemplo, que unha das tramas na vida das mulleres maias é a "vitimización", de tantas veces e maneiras de ser "vítimas" na historia, internalizaron no seu ser, e que se manifesta na súa vida cotiá de diferentes maneiras, de acordo ás circunstancias, situacións ou tipo de relación que se ten coas persoas; entón maniféstase como sumisión, manipulación ou agresión, polo que de calquera maneira non é san para ningunha das persoas involucradas e tampouco os resultados son positivos nin construtivos.

Parte dos efectos dos traumas e tramas das violencias na vida é que as persoas deixan de quererse, de valorarse, de crer en si mesmas, as capacidades, sentirse non merecedoras das cousas belas da vida, ou a instalación de crenzas de que a vida é para sufrir, que a boa vida é despois da morte" ou que a felicidade depende de Deus ou dunha persoa/s; en resumo, a persoa que sofre calquera tipo de violencia perde o sentido da vida.



Ao longo dos 28 anos de vida organizativa de Kaqla realizáronse varios procesos de *sanación* con mulleres, homes, infancia, xuventude, autoridades e líderes locais, e organizacións sociais. A *sanación* contribúe a limpar, eliminar, construír e levar ao ser da persoa/as e á conciencia, información, actitudes, reaccións, accións, crenzas, emocións, etc. e que permita verse, sentirse, pensarse, ubicarse e actuar doutra maneira, dende o seu verdadeiro eu, sen as lentes do trauma; só así poderá ser e dar o mellor de si a si mesma e ás demais persoas. Dito en palabras das e os participantes destes procesos: “Maior conexión comigo mesma, cos seres queridos, co grupo e coa rede da vida”. “Mellor xestión das miñas emocións”.

A *sanación* favorece o fortalecemento persoal, familiar e comunitario, dos liderados, das organizacións das mulleres ao facer propostas máis sas e asertivas, para a busca da plenitude de vida. A *sanación* permite influír máis no logro dos obxectivos, resultados e metas propostas, contribuíndo á transformación dos colectivos e pobos. Sandar lealdades inconscientes, conexións co pasado, pertenza a campos colectivos que limitan, soltar o pasado con amor, súmase á *sanación* individual e colectiva doutras persoas e pobos.

Os procesos de *sanación* que impulsa Kaqla, enmárcase na metodoloxía “Rub’eyal Qak’aslemal, camiños para a plenitude de vida”, a cal atende ao ser humano na súa integridade, é dicir, as dimensións mental, emocional, espiritual ou enerxética e física do ser humano. Desenvólvese dende tres eixes: **1. Socialización e construción colectiva de información e coñecementos**, sucede a través de presentacións en power point ou outro material audiovisual, lectura de documentos, traballos individuais e colectivos

con guías preestablecidas, reflexións e análises colectivas, de acordo coas características do grupo. **2. Identificación e sanación, de concepcións, percepcións, crenzas, emocións inconscientes de maneira individual e colectiva**, a través da aplicación de diferentes ferramentas terapéuticas físicas, mentais, emocionais, enerxéticas, de orixe e práctica maia, como de outras culturas adaptadas ás características das participantes. E **3. Identificación e construción de propostas de accións individuais e colectivas**, que impulsen o benestar e plenitude de vida persoal e colectiva.

Polo tanto, o proceso de *sanación* limpa a mente de información e crenzas equivocadas e inútiles, retroalimenta e instala novas informacións e crenzas fundamentadas e útiles para o seu propio benestar. Elimina emocións e sentimentos limitantes do seu poder persoal para tomar decisións e accións que benefician a súa vida; e cambia e integra a súa vida, prácticas e accións persoais e colectivas que lle xeran satisfaccións e realización persoal, e son máis harmónicas e construtivas para o benestar e plenitude de vida.

A *sanación*, pois, é estratéxica para a mitigación da violencia e a vida en benestar e plenitude das mulleres e das persoas que se atreven a levala á súa vida, porque o proceso condúceas a coñecerse, aceptarse, valorarse, asumir a responsabilidade sobre a súa propia vida; e tamén a maximizar as súas capacidades, potencialidades e poderes persoais para mellorar a súa propia vida e pórse ao servizo do benestar dos seres e colectivos cos que ten a oportunidade de compartir, porque deixa de vivir dende os medos, as dores, as tristezas, as frustracións, etc. E potencia a forza, a alegría, a felicidade, a harmonía, a seguridade, a paz na súa vida e compártea e faina trascender aos demais seres. 🧘‍♀️



O internacionalismo como eixe dunha solidariedade Sur-Norte global co MST de Brasil

Samuel Ortiz Pérez e Ivaneide Pereira Ramos · *Entrepobles Elx*

Durante uns doce días entre os meses de xullo e agosto deste ano 2024 tivo lugar un Encontro de colectivos, comités e organizacións de apoio ao Movemento dos traballadores - e traballadoras- rurais Sen Terra de Brasil (MST) na Escola Nacional Florestán Fernándes (a ENFF), Guararema-SP, a escola internacionalista dos pobos.

Este encontro reformulouse como unha preparación dos comités de apoio ao MST tras o aprazamento da celebración do VII Congreso do MST ata xullo de 2025. Unha decisión que finalmente se levou a cabo tras das inundacións máis graves ocorridas no sur de Brasil nos últimos anos, como consecuencia dos impactos reais da emerxencia climática, que anegou diversos campamentos e *asentamentos*, e arrasou con gran extensión de terras de produción de arroz ecolóxico, afectando a centos de desprazados e xerando abundantes perdas en Eldorado do Sul (no estado de Rio Grande do Sul).

Aproximadamente, medio cento de persoas estivemos na ENFF para colaborar tanto cos labores de reconstrución das zonas afectadas, como tamén na rearticulación de colectivos e organización de apoio solidario ao MST dende o

denominado Norte-Global co Sector de Internacionalismo do Movemento Sen Terra: cunha importante representación de EEUU (incluído Porto Rico), Francia, Inglaterra, tamén dende Euskadi, Catalunya e diferentes territorios do Estado español; en cuxo grupo igualmente se podería incluír a representantes procedentes de China.

Estes días desenvolvéronse cunha metodoloxía de alternancia activa entre a formación e a vivencia. A primeira parte consistía no estudo e a formación a respecto da coxuntura política, as consecuencias da globalización capitalista, a historia do MST, tamén se puideron establecer debates verbo das estratexias de loita en materia de feminismos, movemento negro, agroecoloxía e internacionalismo, entre outras. Da mesma maneira, estableceuse a autoxestión do traballo cunha distribución das tarefas de limpeza, recollida e preparación

de actividades. Posteriormente, a segunda parte da estadia estivo marcada pola convivencia en diferentes campamentos, asentamentos e espazos produtivos do MST no estado de Paraná, en São Paulo, tamén en Brasília e no estado de Pará. Nesta visita puidemos testemuñar a relevancia das escolas do campo, as escolas itinerantes, os servizos de atención sanitaria no medio rural, as áreas de produción agroecolóxica, sen velenos, as agroindustrias de grans, azucre e lácteos xestionada por cooperativas, a rede de tendas do campo e demais infraestruturas construídas no medio rural brasileiro.

Podemos engadir que tivemos a oportunidade de celebrar a constitución dun novo *assentamento* de reforma agraria na zona da Amazõnia brasileira, na rexión do nordés do Estado de Pará, onde Entrepobos vén acompañando a loita pola terra do MST dende hai unha década, aproximadamente, nun contexto de conflito social intenso.

LIÑAS E ESTRATEXIAS DE TRABALLO MÁIS INFLUÍNTES IMPULSADAS POLO MST

Este ano fanse 40 anos dende o xurdimento do MST como movemento campestre que aglutina loitas históricas campestres, indíxenas, quilombolas, ribeirinhas e sindicais de loita pola terra, polos territorios, pola vida. Nestes anos tense convertido en, probablemente, un dos movementos sociais de masas máis influíntes no mundo, e podemos resumir as súas liñas de actuación internacionalista na actualidade en seis eixes de especial relevancia.

O primeiro dos eixes sería a *Asociación de Amigos e Amigas da ENFF*, que procura a autonomía e solvencia dunha escola de formación técnica e política de referencia a escala mundial. Inaugurada no ano 2005, a Escola Nacional Florestán Fernandes estivo marcada pola construción colectiva e solidaria, co apoio de diversas organizacións e persoas relevantes de todo Brasil e do resto do mundo, e á que nos podemos asociar dende calquera país. A finalidade desta

campaña baséase no sostemento e fortalecemento dunha Escola que se converteu no espazo fundamental da rede de escolas transformadoras do MST, pero non só, senón tamén de Vía Campesiña. O vindeiro ano celébranselos vinte anos da escola máis internacionalista e campestre, coa que Entrepobos estivo colaborando dende o 2003 con diferentes proxectos de cooperación, en particular coa Biblioteca Antonio Candido, e cun acompañamento político e formativo con esta e outras escolas do MST.

O segundo deles sería a Campaña “Plantar Árbores e Producir Alimentos Saudables” que foi lanzada durante o ano 2020 coa intención de plantar 100 millóns de árbores en dez anos en todas as escolas de campo, cooperativas, centros, prazas, cidades, así como promover a produción de alimentos sen velenos, como xeito de denuncia do modelo agro-capitalista de produción e destrución do medio ambiente que representa o Agronegocio (*Agribusiness*). Unha campaña que inclúe unha ollada global, aberta á participación de persoas de calquera parte do mundo e á realización de accións coordinadas en distintos territorios, na que tamén podemos participar.

O terceiro eixe estaría dedicado a unha nova estratexia de financiamento colectivo a través do Financiamento Popular (Finapop) para a produción de alimentos saudables, é dicir, pretende ampliar as opcións de crédito para as cooperativas da agricultura familiar situados en áreas para unha reforma agraria en Brasil. Aínda que a participación directa neste tipo de financiamento require ter identidade e rexistro dun CPF brasileiro (Cadastro de Pessoa Física), as persoas interesadas, tanto en Brasil como noutros países, poden difundir esta iniciativa. Trátase dunha nova estratexia de carácter financeiro que xurde no ano 2020 pero que tomou unha nova dimensión nas últimas semanas cunha nova campaña de adhesións ao fortalecemento das cooperativas, asociacións, as agroindustrias e a produción agroecolóxica de alimentos



da agricultura familiar, reforzando así o desafío de construír unha soberanía alimentaria a nivel internacional.

O cuarto dos eixes estaría vinculado a todo aquilo que abrangue o traballo do MST e que consideramos de gran transcendencia transformadora. É dicir, os e as Sen Terra xeraron unha identidade simbólica, recoñecida tanto no medio rural como nas cidades. E nesa proxección política e social non se pode menosprezar o papel do periódico Brasil de Fato, a editorial Expressão Popular, as radios comunitarias e manifestacións culturais (publicacións, músicas, documentais, místicas, espazos propios de teatro e concertos, etc.) que entretecen a identidade Sem Terra cunha emancipación dos pobos.

O quinto e sexto, os imprescindibles, estarían ligados directamente tanto á produción agroecolóxica como ao consumo de produtos agroalimentarios procedentes das áreas de produción de reforma agraria e agricultura familiar, campamentos e *asentamentos* do MST e a súa engrenaxe entre o rural e o urbano. É dicir, actualmente, o MST conta con tendas propias denominadas *Armazen do Campo* en todas as capitais do país onde está organizado, e algunhas outras cidades importantes, onde se distribúen grande parte dos produtos das familias *asentadas* no MST, mesmo doutros pequenos produtores familiares ou colectivos, alimentos elaborados nas agroindustrias do MST, así como outros materiais (gorras, camisetas, mochilas, bandeiras, mandiles, panos de cociña, etc.). Ademais, durante os últimos anos tamén se consolidaron as *Cozinhas Solidárias* que durante a pandemia da Covid-19 repartiron alimentos a milleiros de persoas e dotaron de máscaras a centos de barrios brasileiros. Estas cociñas, xunto con outras redes de tendas denominadas *Sacolão*, situadas xeralmente en barrios periféricos de grandes urbes, xeraron unha importante rede de abastecemento de alimentos saudables e accesibles para a sociedade brasileira.

APOIO INTERNACIONALISTA CARA E DENDE O NORTE-GLOBAL

Dende este denominado Norte-Global constituíuse unha rede internacionalista de apoio ao MST que abrangue comités, colectivos e organizacións de diferentes países. Estas liñas de apoio sintetízanse na acción de contribuír, na medida das nosas posibilidades, coas iniciativas impulsadas polo MST, así como denunciar as agresións e violencia no campo e manter o pulso dunha alternativa social, económica e política para a emancipación dos pobos.

Ademais, reunidos co Sector de Internacionalismo do MST, promovéronse algunhas pautas estratéxicas e demandas para poder construír a Asemblea Internacional dos Pobos (AIP), en paralelo á construción da rede 'ALBA movementos' que conserva unha visión e acción propia dos movementos populares máis centrado en Latinoamérica e o Caribe.

O MST conta, pola súa parte, con brigadas internacionais permanentes en territorios nos que se suceden significati-

Internacionalistas criando comités, emancipando os pobos com o MST.

(Brasil, 2024)

vos desafíos, como pode ser Venezuela, Cuba, Haití, Zambia, Sudáfrica ou China, ao que cabería sumar outros de enlace en EEUU, na Unión Europea e en Asia. Entre elas, sen dúbida, poderíamos destacar as Brigadas bianuais en Palestina, onde se están volcando co pobo palestino na defensa dos dereitos humanos e fronte ao xenocidio televisado. Nesta ocasión puidemos apreciar esa solidariedade en espazos recónditos do interior de Brasil e da Amazónia, coa presenza de centos de bandeiras, murais e manifestacións de denuncia e reivindicación do dereito a existir do pobo palestino.

En definitiva, estaríamos ante a configuración dunha rede de apoio na que poder debater, analizar e reforzar novas estratexias transformadoras de colaboración co MST en cinco liñas fundamentais como son: a Agroecoloxía, as Soberanías, os Dereitos Humanos, a Formación Política-Técnica e os Feminismos. Todo iso no camiño cara a celebración do *VIII Congreso do Movemento Sen Terra*, esta vez con decisións inéditas que proceden do Sur-Global cara ao Norte-Global. 🌍

**Contacto de Entrepobos
para colaboracións co MST:**
comitemstalacant@gmail.com
658107207

Enlaces de interese

Armazém do campo

www.armazemdocampo.shop

Finapop

<https://finapop.com.br/>

Publicación Tricontinental (abril 2024)

<https://thetricontinental.org/es>

Dossier 75. 'La organización política del Movimiento de Trabajadores Rurales Sin Tierra de Brasil'

Redes Sociais

[@movimentosemterra](https://twitter.com/movimentosemterra)

Exposición

Migración e desprazamento das persoas por causas ambientais



Natalia Riera · Educación Entrepueblos

O cambio climático está afectando á vida das persoas, comunidades e pobos, obrigándolas, en moitas ocasións, a abandonar os seus fogares e lugares de orixe. A exposición **Migración e desprazamento das persoas por causas ambientais** amosa esta realidade e denuncia os perigos e as ameazas que sofren especialmente as persoas que defenden o medioambiente e os dereitos humanos.

Non hai ningunha dúbida científica de que a emerxencia climática está causada pola sociedade humana e que afecta ao conxunto da humanidade. Pero nin toda a humanidade é igualmente responsable das emisións, non toda a humanidade está a sufrir coa mesma intensidade as consecuencias. Os países principais consumidores de combustibles durante décadas e os países que se engadiron nas últimas décadas veñen incumprindo consciente e sistematicamente os compromisos de redución de emisións e de compensación aos países e comunidades afectadas.

Estes incumprimentos xeran unha débeda ambiental histórica e unha vulneración de dereitos por decisións ou omisións políticas. Porén, ou quizais precisamente por isto, existe un baleiro na lexislación internacional que desprotexe as persoas desprazadas ou migradas e non contempla o dereito de asilo por causas ambientais. A exposición pon de manifesto a necesidade de cambiar a norma actual para garantir os dereitos humanos destas persoas.

Trátase de aportar un mellor coñecemento en relación coas migracións ambientais causadas pola Emerxencia Climá-



tica e Ecolóxica. En concreto, detémonos nos efectos relacionados coa degradación do medio e a vulneración de DDHH por parte das empresas transnacionais que ocasionan desprazamentos forzados. A exposición amosa estas realidades e denuncia os perigos e as ameazas que sofren especialmente as persoas e comunidades que defenden o medio ambiente e os dereitos humanos.

É tamén unha aportación ao reto de desenvolver estratexias, tanto no Norte como no Sur global, co fin de abordar esta problemática dende unha perspectiva de políticas de vida, dotando de ferramentas para garantir vías legais e seguras para migrar, poñendo en común as resistencias que xa se están levando a cabo nos distintos territorios.

E, ao mesmo tempo, quere contribuír á urxente necesidade de que se dea un cambio na narrativa mediática sobre as migracións por causas ambientais e climáticas, contrarrestando os estereotipos negativos e discursos de odio que a cotío se proxectan sobre as persoas migrantes.

Cunha narrativa visual e unha linguaxe directa e pedagóxica, a exposición quere informar e sensibilizar a un público mozo (especialmente estudantes dos últimos cursos de primaria e secundaria) sobre un dos principais retos mundiais, a crise ambiental, pondo o foco nas persoas que máis están sufrindo esta realidade. Unha cuestión que, se ben pode parecer afastada no noso contexto, interpélanos e require da acción coordinada de todos e todas.

A exposición aborda a crise ambiental e fai un chamamento á acción: aportando solucións para incentivar a mobilización e a implicación das persoas visitantes na acción climática e a defensa dos dereitos humanos.

Segue unha narrativa para expoñer seis dos aspectos clave da migración por cuestións ambientais. Cada un destes aspectos recóllese en 7 roll up onde se combinan as ilustracións con pequenos textos explicativos


00. Descripción e os créditos da exposición

01. Por que as persoas refuxiadas climáticas non teñen dereito de asilo?

1. A migración por motivos ambientais.
2. Causas da degradación ambiental.
3. Consecuencias sobre a vida das persoas.
4. Máis perigo para persoas defensoras do medio ambiente.
5. Accións contra a degradación ambiental.
6. Hai que cambiar as leis.
7. Cifras de migración climática e impacto medioambiental polas actividades das empresas españolas.

Esta exposición é froito da colaboración entre o Institut de Drets Humans de Catalunya e Entrepobles, para o que contamos co cofinanciamento de Agència Catalana de Cooperació al Desenvolupament. Posteriormente dende Herriarte elaborouse a versión ampliada en euskera e castelán coa colaboración de Ongi Etorri Errefuxiatuak, Ekologistak Martxan e a Meatzaldea Bizirik Ekologista Taldea de Muskiz (Bizkaia), que se presentou este pasado mes de outubro no Centro Cultural Santa Clara de Portugalete e na Kultur Etxea de Muskiz.

A exposición está dispoñible para o seu uso por parte de organizacións e institucións en espazos públicos e privados. Para solicitar o préstamo, pódese contactar con educacion@entrepueblos.org, indicando as datas e o espazo onde se prevé organizar a exposición. 📄





Comentario encontro

Plantámonos

Jordi Rubió · *Entrepueblos*

O pasado mes de outubro, tivo lugar na vila galega de Allariz, Ourense, o II encontro do movemento **Plantámonos** que reuniu a máis de 200 persoas e unhas 50 organizacións de todo o estado español.

Plantámonos é un movemento en construción formado por unha grande diversidade de persoas e organizacións do ámbito alimentario, ecolóxico, agrario, científico, académico, activista e climático entre outros. É dende esa diversidade que se decide actuar para reclamar e impulsar solucións ante a actual situación de precariedade do sector agrario, alimentario e do medio rural.

O encontro serviu para construír unha axenda colectiva para o vindeiro ano, denunciar os impactos territoriais da agricultura e gandeiría industriais, formarnos en comunicación de guerrilla e acción directa non violenta, mapear as loitas e conflitos por territorios e propoñer un modelo de gobernanza co que funcionar.

Polo momento hai unha asemblea mensual en funcionamento, e un grupo formiga que realiza o traballo máis operativo. Quérense activar varios grupos de traballo, como o mesmo de gobernanza, comunicación-acción, así como comités locais que, aparte de organizar o encontro anual, poidan articular o movemento nos territorios, tecendo redes e compartindo aprendizaxes.

O último día do encontro organizouse a ruta «Outra Limia é posible», comarca veciña de Allariz, onde se sofren as consecuencias da gandeiría e a agricultura industriais. Empezouse na lagoa de Antela, espazo de grande valor ecolóxico e actualmente seca pola actividade agroindustrial, finalizando en

Ponte Liñares, onde se fixo fincapé no grao de contaminación da auga deste río por nitratos e explicouse o resultado de elevar a denuncia ás institucións europeas que constataron a existencia de prácticas ilegais na comarca.

A través das accións de formación, debate, denuncia e reivindicación desenvolvidas, logramos dende o colectivo ampliar e fortalecer o movemento pola Soberanía Alimentaria co que avanzar cara a un modelo de produción agroecolóxica baseado na agricultura e gandeiría familiar.

Como Entrepobos estivemos acompañando á Plataforma Rural dende os seus inicios, un referente estatal en defensa da soberanía alimentaria e membro de Vía campesiña. Xa dende hai anos vimos constatando a dificultade para liderar este espazo por parte das organizacións campesiñas e a inactividade.

Da man de Fidel Garcia-B. co acompañamento de Núria Pasqual, puidemos dar seguemento ao nacemento de **Plantámonos** e tócanos decidir o papel activo que queremos e podemos manter para facer medrar este movemento. 🌱



PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA

- C/ José M^a Moreno Galván, 18, Bl.K - 2^o B
41003 Sevilla · T. 616 564 551
- ✉ ep.andalucia@entrepueblos.org
- 📘 EntrePueblos Andalucía

ASTURIAS

- ✉ ep.asturies@entrepueblos.org

CASTELA-A MANCHA

- ✉ ep.castillalamancha@entrepueblos.org

CASTELA-LEÓN

- ✉ ep.valladolid@entrepueblos.org
- ✉ ep.burgos@entrepueblos.org
- ✉ ep.zamora@entrepueblos.org
- ✉ ep.cyl@entrepueblos.org
- 🌐 entrepueblosvalladolid.wordpress.com
- 📘 entrepueblosencastillayleon
- 🐦 @EntrepueblosV

CATALUNYA

- C/ August 21, entl. 1a - 43003 Tarragona
- C/ Raiers 13 · 25500 La Pobra de Segur (Lleida)
- Carrer d'en Blanco, 73, piso 1
08028 Barcelona
- ✉ penedes@entrepobles.org
- 🌐 entrepoblespenedes.wordpress.com
- 🐦 @EntrePobles_Tgn
- 📘 EntrePobles-Camp-de-Tarragona
- 📘 EntrepoblesPenedes

COMUNIDADE DE MADRID

- ✉ ep.madrid@entrepueblos.org
- 📘 EntrepueblosMadrid

EUSKAL HERRIA

- ✉ herriarte@herriarte.org

ILLES BALEARS

- C/ Carne, 6 · 07701 Maó (Menorca)
- ✉ mallorca@entrepobles.org
- 📘 EntrePobles-Mallorca

PAÍS VALENCIÀ

- C/ Sant Isidre 9 · 03803 Alcoi
- C/ Venezuela 1 · 03610 Petrer
- Paratge Sant Josep. C. Pipa 7
12600 Vall d'Uixó (Castelló)
- C/ Lepant 7 · 03201 Elx
- ✉ paisvalencia@entrepobles.org
- ✉ alacant@entrepobles.org
- 📘 EntrepoblesPaisValencia

REXIÓN DE MURCIA

- ✉ marcuba3@gmail.com

CONTRIBUCIONS ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona



EntrePobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Solicitud de ingreso como socio/a

Nome e apelidos

..... NIF *

Data de nacemento

Enderezo

.....

C.P. Poboación

Teléfono Profesión

E-mail

Cota anual 77 e ó e

Se ten dificultades económicas pónase en contacto para flexibilizar tu contribución.

EntrePobos recomenda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa

NUMERO DE CUENTA - IBAN													
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA									

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG **EntrePobos** les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apelidos

Enderezo

C.P. Poboación

Sinatura